

# Concello de Mondariz

**Expediente núm.:** 387/2018

**Resolución con número e data establecidos á marxe**

**Procedemento:** Procedemento de Contratación

**Interesado:** \_\_\_\_\_

**Data de iniciación:** 15/05/2018

## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Á vista da memoria xustificativa da necesidade de contratación asinada en data 27 de novembro polo órgano de contratación e dos seguintes antecedentes:

- A Xunta de Goberno Local da Deputación de Pontevedra en sesión ordinaria de 28 de xullo de 2017 adoptou un acordó polo que se concede unha subvención ó concello de Mondariz ó abeiro das bases reguladoras das subvencións convocadas para consolidar o Plan Revitaliza da deputación de Pontevedra (LIÑA 2) por importe de 306.030,10 €, destinada a adquisición dos COIN e CCC necesarios para a posta en marcha do novo sistema baseado na compostaxe, así como dos materiais complementarios para o seu bo funcionamento, e que supoñen o financiamento do 89,56 % do importe total do investimento.
- Respecto do presente investimento foi aprobada modificación orzamentaria nº 37/2018 correspondente á transferencia de crédito 04/2018, ascendendo dita modificación a un importe total de 13.453,47 € para cubrir a aportación municipal da subvención 2018 do Plan Revitaliza, por Decreto nº 567 de 25 de novembro de 2018.

Á vista das características do contrato que se pretende adxudicar:

MÁQUINA TRITURADORA CON REMOLQUE CON CARGO AS SUBVENCIONS PARA A CONSOLIDACION DO PLAN REVITALIZA DA DEPUTACION DE PONTEVEDRA				
Procedemento: aberto		Tramitacion: ordinaria		Tipo de contrato: suministro
Clasificación CPV: 42996100-5	Acepta renovación: Non		Revisión de prezos / fórmula: Non	Acepta variantes: Non
Orzamento base de licitación (sin IVE): 39.000,00 €		Impostos: 8.190,00€		Total: 47.190,00 €
Valor estimado do contrato: 39.000,00 euros				
prazo execución:	Entrega no prazo de 90 días		En todo caso, antes do día 01/03/2019 (prazo máximo de instalación dos subministros).	
Garantía provisional: Non		Garantía definitiva: 5%		Garantía complementaria: Non

Visto informe de Intervención asinado o 27 de novembro respecto do órgano competente para levar a cabo a contratación obxecto deste expediente.

Visto informe de Secretaría sobre a lexislación aplicable así como o procedemento a seguir respecto da presente contratación asinado en data 27 de novembro de 2018.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe de Secretaría, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014,

## RESOLVO



# Concello de Mondariz

---

**PRIMEIRO.** Iniciar o expediente para a contratación do suministro “MÁQUINA TRITURADORA CON REMOLQUE CON CARGO AS SUBVENCIONS PARA A CONSOLIDACIÓN DO PLAN REVITALIZA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA” mediante procedemento aberto e tramitación ordinaria.

**SEGUNDO.** Aprobar a memoria xustificativa asinada polo órgano de contratación o 27 de novembro de 2018 e proceder á súa publicación no perfil do contratante en aplicación do artigo 63.3 da Ley 9/2017 e xustificar como motivos para a celebración do contrato a seguinte necesidade:

*“Coa finalidade de cumprir cos obxetivos establecidos nos diversos corpos normativos en materia medioambiental, o Concello de Mondariz fai unha aposta directa pola implantación dun novo sistema de tratamento e xestión dos residuos orgánicos procedentes dos restos vexetais de podas producidos no municipio baseado na compostaxe individual e na compostaxe comunitaria como técnica de valorización dos mesmos.*

*O sistema de compostaxe implantado no concello preséntase coma a alternativa máis eficaz e sostible para tratar e valorizar a fracción orgánica xerada nos fogares do municipio, sendo preciso para o seu óptimo funcionamento a aportación de material estruturante procedente dos restos triturados de poda seca para que sexa depositado e mesturado xunto aos restos orgánicos. A través deste sistema é posible acadar unha dobre función, xa que por un lado se cubre a necesidade do sistema de xestión de residuos e ao mesmo tempo se produce a valorización dos residuos procedentes da poda in situ, no mesmo lugar onde se xeran.*

*Ante a necesidade constante de produción e subministración do material estruturante aos habitantes do municipio, contéplase como prioritario a adquisición dunha máquina trituradora que permita cubrir o servizo de triturado dos restos orgánicos procedentes da poda efectuada no concello”; quedando acreditado que a contratación proxectada mediante un contrato de suministro é a forma máis idónea e eficiente de levar a cabo os fins do Concello.*

**TERCEIRO.** Tendo en conta que os pregos de cláusulas administrativas particulares así como os pregos de prescripcions técnicas foron redactados polo servizo de asistencia a municipios da Deputación Provincial de Pontevedra, que, pola Intervención municipal, fágase a retención de crédito, que acredite que existe crédito suficiente e axeitado para financiar o gasto que comporta a celebración do contrato e que emita informe sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.

**CUARTO.** De ser favorable a fiscalización previa, que se emita Informe-Proposta de Secretaría respecto diso.

**QUINTO.** Dar conta de todo o actuado a esta Alcaldía para resolver o que proceda.

En Mondariz a 30 de novembro de 2018.

O ALCALDE

A SECRETARIA

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**



C/ Merouces, 16, Mondariz. 36870 Pontevedra  
Tfno: 986 664 306 Fax: 986 656 006  
info@concellodemondariz.com